

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS NO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **un representante do persoal de administración e servizos**, dun total dun que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral estará exposto a partir do día 30 de outubro de 2024 na administración do centro. As reclamacións ao referido censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar do 30 de outubro ao 6 de novembro de 2024 ás 14:00 horas, mediante formulario normalizado dispoñible na administración do centro.
4. A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, a secretaria do centro e o membro do citado persoal de maior idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 8 ao 15 de novembro de 2024, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro.
6. **As votacións realizaranse o día 18 de novembro, das 14:15 h ás 14:30 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 14:10 horas.**





7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **dun nome** da lista de candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegable (non por correo).
8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do centro.
9. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, a 30 de outubro de 2024

O presidente da Xunta Electoral

Jose Manuel Tallos Caldeiro

